

## NOTA DE PRENSA

### **CAMPAÑA DE NADAL 2020 MERCA NO COMERCIO LOCAL EN NADAL E PODERÁS GAÑAR MÁIS DE 1400€ EN VALES DE COMPRA E 750 € EN MATERIAL ESCOLAR**

Este semana iniciouse a campaña de Nadal de EMGROBES, a través do Centro Comercial Aberto “De Tendas”, que ó igual que o ano pasado consta de dous sorteos. Un de vales compra (compartido con todo o Comercio do salnés) e outro propio de material escolar para nenos. O primeiro constará do sorteo de máis de 1400 € para O Grove e un premio de 1100€ ente todo o Salnés, repartidos en diferentes vales compra entre os clientes do CCA que merquen nos establecementos participantes durante a campaña de Nadal de Emgrobes. E por outra banda, outro sorteo dirixido ós máis pequenos que deixen as súas cartas a Papá Noel da asociación nos comercios participantes, xa que se sortearán 15 lotes de material escolar valorados en 750€.

Este ano na campaña de NADAL para o sorteo dos **VALES COMPRA** utilizaremos ó método tradicional de cubrir os datos nos boletos e introducilos nunha urna para logo entre todos os participantes que mercaran nos establecementos durante a campaña, seleccionar nun sorteo ós gañadores destes vales compra que poderán ser canxeados nestes establecementos participantes na campaña de Nadal de Emgrobes.

Os premios que se van a sortear este ano son os seguintes.

#### **PREMIOS VALES COMPRA**

- 1.- 1 PREMIOS DE 300 € EN VALES COMPRA DO C.C.A. “DE TENDAS”
- 2.- 2 PREMIOS DE 200 € EN VALES COMPRA DO C.C.A. “DE TENDAS”
- 3.- 7 PREMIOS DE 100 € EN VALES COMPRA DO C.C.A. “DE TENDAS”

A maiores o Consorcio sorteará un premio de 1100 € en vales compra entre todos os clientes de Consorcio do Salnés que participaran na campaña de nadal mercando no comercio local.

#### **PREMIO 15 LOTES DE MATERIAL ESCOLAR**

Como premio adicional os clientes dos CCas que merquen durante a campaña nos establecementos poderán participar no sorteo deste material cubrindo as cartas de Papá Noel e presentandoas nos propios establecementos ata o día 25 de decembro. A asociación fixo cartas e buzóns para animar ós máis pequenos a que as escriban con ilusión e tamén incentivas ós pais para que as entreguen nos establecementos socios participantes a través dun sorteo de lotes de material escolar valorados nun total de 750 €. Desta maneira os cativos tamén recibirán o seu premio.

Ademáis do sorteo, a campaña estará acompañada de agasallos típicos de nadal que entregarán as tendas ós seus clientes e as actividades na rúa estarán adaptadas á situación actual ocasionada polo covid-19, polo que non se poderá facer a tradicional Gala de Nadal, que substituiremos por un acto de entrega de premios nin Gran Nevada para evitar risco, pero seguro que Papá Noel visitará ós comercios participantes durante os días previos a Noiteboa e algunha que outra sorpresinha navideña.

Aparte esta campaña, estará apoiada por diferentes materiais promocionais, como cartelería, boletos, bolsas, caramelos, calendarios, bolígrafos... así como diferentes publicidades en prensa, megafonía, redes sociais, páxinas web etc.... Todo elo para animar ós veciños a facer as súas compras no comercio local, xa que unha vez máis **AS SÚAS COMPRAS NO CCA DE TENDAS DE O GROVE TERÁN PREMIO.**

